



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE VIGO POLA QUE SE PUBLICA O LISTADO DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE MOAÑA, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

ANTECEDENTES

1. A Orde do 21 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026, aproba o plan específico de explotación de moluscos bivalvos, na modalidade a pé, da Confraría de Pescadores de Moaña e no que figura un número máximo de 51 participantes.
2. A Confraría de Moaña solicita o 6 de maio de 2024 o inicio do proceso selectivo para a cobertura de prazas vacantes.
3. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo, do 13 de maio de 2024, convócase un proceso selectivo para acceso a cinco (5) prazas de marisqueo a xeral a pé na confraría de Moaña. Ábrese un prazo de 15 días hábiles para presentación de solicitudes.
4. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo, do 13 de xuño de 2024, publícanse as listas provisionais de admitidos no proceso selectivo coa puntuación acadada. Non houbo solicitudes excluídas do proceso. Ábrese un prazo de 15 días hábiles para efectuar alegacións.
5. Presentáronse 5 escritos de alegación. Foron estimados os 5 e modificada a súa puntuación.
6. Despois da revisión das puntuacións acadadas polos participantes no proceso, compróbase que nas listas de admitidos hai 19 persoas empatadas coa puntuación máxima de 10 puntos. Por haber máis persoas con 10 puntos que prazas convocadas, débese realizar un sorteo segundo o establecido na normativa vixente. Por este motivo, o 16 de xullo de 2024 foi comunicada a realización dun sorteo en presenza das persoas afectadas, que se celebrou neste Departamento Territorial o día 22 de xullo de 2024. A acta do sorteo foi publicada o mesmo día da súa celebración.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Este Departamento Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.
 2. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, regula no artigo 6 e seguintes o procedemento para a obtención do permiso de explotación.
- De acordo co anteriormente indicado e, de conformidade co establecido na base 3.1 do Anexo A, da Resolución do 13 de maio de 2024, pola que se convoca proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de Marisqueo xeral para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de Moaña, así como no Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 149/2024, do 20 de maio polo que se modifica o Decreto 50/2021, de 11 de marzo, polo que se aproba a





estrutura orgánica da Consellería do Mar, este Departamento Territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVE:

1. Facer pública a lista definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo, e a das que non o superaron, para o acceso ao permiso de explotación de marisqueo a pé na modalidade de Marisqueo xeral para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de Moaña.
2. A relación definitiva de persoas non seleccionadas constituirá unha **lista de reserva** que terá unha vixencia **DUN (1) ANO**, contado desde o día seguinte ao da data desta resolución.
3. As persoas seleccionadas disporán dun prazo de **quince (15) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do Anexo A da convocatoria:
 - a) **Certificado de estar empadroado/a nun municipio do litoral de Galicia.** Esta documentación non será necesaria, no caso de ter dado o consentimento para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.
 - b) **Certificado da Seguridade Social de non ser perceptor/a de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.** Non será necesario no caso de ter dado o consentimento para comprobación destes datos.

As persoas perceptoras da renda de integración social deberán achegar escrito de renuncia a esta prestación.

- c) **Documento médico que acredite non estar incapacitado/a para exercer as labores do marisqueo.**
- d) **Fotografía de tamaño carné, actual.**
- e) **Certificado de mariscador.** Esta documentación non será necesaria, no caso de ter dado o consentimento para a súa comprobación ou xa teña sido presentado durante o proceso selectivo.

Aquelas persoas que non o posúan, terán que realizar o curso a primeira vez que sexan convocados - salvo causa debidamente xustificada - pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Esta documentación deberá dirixirse ao **Departamento Territorial de Vigo**

4. De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, as persoas seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación: **"non ter sancións firmes en**





vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento”.

As persoas que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou que, da revisión da mesma, se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude. Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, de acordo aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/s persoa/s que figuren na lista de reserva pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

5. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Vigo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía de Arousa e de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento



ANEXO I
RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS SELECCIONADAS QUENDA XERAL

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	1	2.a	2.b	3	TOTAL
1	VILLAR MARTÍNEZ, PATRICIA	* * * 1084 * *	3,00	3,60	0,00	4,00	10,00
2	MARTÍNEZ CURRAS, MARÍA ESTELA	* * * 3990 * *	3,00	4,28	0,50	4,00	10,00
3	CRUZ ROMERO, YASMINA	* * * 3588 * *	3,00	3,00	0,00	4,00	10,00
4	CANCELAS RÍOS, MARÍA JOSÉ	* * * 7591 * *	3,00	3,00	0,00	4,00	10,00
5	COSTA COSTA, CRISTINA LUCÍA	* * * 3521 * *	3,00	3,00	0,30	4,00	10,00

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

PUNTUACIÓN (de conformidade coa resolución de convocatoria do proceso selectivo):

Apartado 1: por demandante de emprego

Apartado 2: por formación

Apartado 2.a: cursos incluídos no catálogo

Apartado 2.b: titulación académica

Apartado 3: por estar empadroadado/a nun concello do ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión



ANEXO II
RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS - LISTA DE RESERVA

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	1	2.a	2.b	3	TOTAL
1	RODENAS FERNÁNDEZ, MARTA IONE	* * * 5386 * *	3,00	3,00	0,30	4,00	10,00
2	ALONSO TRIGO, ESTELA	* * * 3723 * *	3,00	2,80	0,30	4,00	10,00
3	RODRÍGUEZ ESQUINA, ANA	* * * 5239 * *	3,00	3,60	0,00	4,00	10,00
4	BERMÚDEZ JUNCAL, MELISA	* * * 1378 * *	3,00	3,28	0,00	4,00	10,00
5	CUSTODIA SANTOMÉ, ROMINA	* * * 0958 * *	3,00	3,00	0,00	4,00	10,00
6	DEL RÍO POMBAL, AURORA	* * * 4199 * *	3,00	3,00	0,00	4,00	10,00
7	SANTOS LEITES, PAULA MARÍA	* * * 3546 * *	3,00	2,80	0,30	4,00	10,00
8	GONZÁLEZ PÉREZ, JESSICA MARÍA	* * * 9161 * *	3,00	3,00	0,00	4,00	10,00
9	VEIGA ENTENZA, MARIA NIEVES	* * * 5879 * *	3,00	3,00	0,30	4,00	10,00
10	CURRAS COSTAS, MÓNICA	* * * 9523 * *	3,00	3,00	0,00	4,00	10,00
11	DURÁN MARTÍNEZ, VANESA	* * * 6539 * *	3,00	2,80	0,30	4,00	10,00
12	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, HUGO	* * * 6449 * *	3,00	3,00	0,30	4,00	10,00
13	ACUÑA CAÍÑO, ARÁNZA ZU	* * * 8566 * *	3,00	3,10	0,00	4,00	10,00
14	REFOJOS CASAS, YAIZA	* * * 7625 * *	3,00	2,60	0,50	4,00	10,00
15	ÁLVAREZ RIVAS, JUDITH	* * * 1235 * *	0,00	2,80	0,50	4,00	7,00
16	BASTOS PILLADO, VERÓNICA	* * * 1755 * *	0,00	3,00	0,30	4,00	7,00
17	LANZÓS CASÁS, LAURA	* * * 1859 * *	0,00	2,60	0,50	4,00	7,00
18	OTERO RIAL, ARACELI	* * * 6896 * *	0,00	3,00	0,30	4,00	7,00
19	PIÑEIRO SANTOMÉ, ENRIQUE	* * * 1909 * *	0,00	2,28	0,30	4,00	6,58
20	CARBALLO SOUTO, MARÍA ISABEL	* * * 1476 * *	0,00	3,80	0,30	0,00	3,00

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

PUNTUACIÓN (de conformidade coa resolución de convocatoria do proceso selectivo):

Apartado 1: por demandante de emprego

Apartado 2: por formación

Apartado 2.a: cursos incluídos no catálogo

Apartado 2.b: titulación académica

Apartado 3: por estar empadroadado/a nun concello do ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión



CRITERIOS DE BAREMACIÓN

- 1- PARO: tempo transcorrido como desempleado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (puntuación máxima 3 puntos).

- 2- FORMACIÓN:

2.a ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):

Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 13 de maio de 2024 da Xefatura Territorial de Vigo pola que se convoca o proceso selectivo.

2.b TITULACIÓN ACADÉMICA:

Graduado en ESO ou equivalente: 0,30 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,50 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,70 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 1 punto. Ás persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no IGAFA, engadiráselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos

- 3- PADRÓN: Por estar empadroado nun concello do ámbito da confraría ou entidade titular do plan de explotación en que está prevista a incorporación, durante un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: 4 puntos

